

Lorenzo Varela

a memoria no exilio

O Día das Letras inaugurouse en 1963 aproveitando a efeméride da primeira edición dos *Cantares gallegos* rosalianos. Configurouse esta celebración nun momento histórico difícil, como unha xornada que serviría para difundir a lingua e a literatura de noso, carentes de difusión e recoñecemento oficial, cando non vítimas de persecución e censura. Porén, coa pasaxe dos anos vese que a celebración, ao se manter coa mesma formulación inicial, ficou ancilosada. Hai xa sobre a mesa de debate moitas propostas para arexar a data, para que recupere o seu potencial dinamizador da lingua que nos une, da literatura que nos soña.



LORENZO VARELA: PASOU O DÍA?
Este ano 2005, o Día das Letras tivo un matiz singular ao lle ser dedicado a unha figura pouco coñecida e pertencente ás xeracións vencidas polo golpe militar do 36. Claro que a difusión do nome honrado tamén costuma ter na celebración das Letras unha parte importante de distorsión desde a oficialidade autonómica. Bo exemplo é o material pedagóxico enviado pola Xunta de Galiza aos cen-

CARLOS MANUEL CALLÓN TORRES
Profesor de Lingua e Literatura, é autor de diversos traballos centrados na sociolingüística. Preside a Mesa pola Normalización Lingüística



A primeira intervención pública de Varela como autor no sistema literario galego prodúcese no ano 1944 no exilio en Bos Aires

tros de ensino, que non cita nin unha soa vez que Varela militou no Partido Comunista e que non aclara se viaxou á Arxentina como exilado, como emigrante ou como turista...

O caso é que pasou o Día e é de temer que pasase xa a romaría, como no refrán. Varela, tras o 17 de Maio, voltará á galería de esquecidos, e con el irán os protagonistas dos seus versos: María Balteira, Roi Xordo, o bispo Adaúlfo, a guerrilla... Mágoa que se perdesse a oportunidade de dar a coñecer de verdade no país, non só o percurso biográfico, político ou creador de Lorenzo Varela, senón tamén o mundo novo que proxectaron os nosos exilados e as nosas exiladas.

ESCRITOR EN GALEGO. Foi motivo de polémica neste Día das Letras o feito de que Varela sexa autor dunha obra cativa en lingua galega: para alén de algún texto solto en prosa, levan a súa sinatura menos de trinta poemas, espaxados en dous volumes en galego: *Catro poemas pra catro gravados* (1944) e *Lonxe* (1954), así como unha compilación póstuma bilingüe: *Homaxes* (1979). Trátase dunha obra literaria escasa no noso idioma, mais singular polas escollas temáticas feitas e pola terra e o tempo en que Varela opta por se presentar como poeta no noso idioma, nun momento de desercións e confusionismo.

Luís Seoane elabora catro gravados sobre catro figuras da historia da Galiza e entrégallo ao amigo poeta para que escriba versos para cada un

dos deseños. Así nacen os *Catro poemas pra catro gravados*, unha obra cooperativa que pretende realizar unha intervención política nun momento de esperanza na derrota do fascismo. Porque a poética, dicían eles, para os galegos é política.

Nesta obra hai innovacións na literaturización da historia da Galiza. Quérese subliñar unha historia valente de revolucións sociais, mais tamén unha historia atrevida de revolucións sexuais. As catro figuras homenaxeadas nesta obra son María Pita, Rui Xordo, María Balteira e o bispo Adaúlfo. Fagamos un breve recordatorio de cada unha destas persoas: María Pita foi a heroína que defendeu A Coruña do ataque inglés no século XVI; María Balteira é a máis lembrada das nosas satirizadas soldadeiras medievais; Roi Xordo foi o líder da fracasada primeira revolta irmandiña, e Adaúlfo foi un bispo de Iria condenado a morte por unha acusación de sodomía, mais salvado por un milagre.

Os *Catro poemas pra catro gravados* teñen unha estrutura simétrica que axuda a subliñar a importancia das mulleres na historia. No texto de homenaxe a María Pita salientase o seu carácter de líder militar con quen o eu lírico di compartir unha mesma loita pola comunidade. Ademais, no poema sobre María Balteira sublíñase o papel marxinal que lles toca vivir ás mulleres nunha sociedade misóxina. Os versos de Varela falan dunhas normas sociais que impiden falar ben dunha muller como María Balteira.

Luís Seoane manifestaba nun artigo de 1954 na revista *Galicia emigrante* que pretendía facer unha serie de escritos sobre as mulleres. Decía que o facía coas seguintes pretensións, que traduzo: "Non só para que as feministas teñan en Galiza un exemplo do seu xeito de pensar, senón tamén para que os descendentes de galegos e os que non o son, encontren na nosa terra un novo valor." Referíase neste último caso a que en Bos Aires se facía da "muller galega un tema de sainete". Sobra dicir que o mo-

vemento feminista nos anos 40 e 50 estaba varrido da Galiza. Era a súa unha pretensión de alimentar o futuro, para dignificar o país nun presente precario e de surtir a despena discursiva dun movemento progresista como o do feminismo con referentes históricos pouco coñecidos. Estas mesmas premisas pódense constatar nos *Catro poemas pra catro gravados*.

Ademais, nesta obra subliñase que os protagonistas da historia son os heroes e heroínas das clases populares (María Pita e Rui Xordo), ou aquelas persoas marxinais socialmente pola súa conduta, sexan próximas ao *lumpen* nalgúns trazos (María Balteira) ou pertencentes ás clases dominantes (o bispo Adaúlfo ou o propio Rui Xordo). Porén, estas figuras pertencentes á nobreza laica ou eclesiástica son reconvertidas e, portanto, "reconciliadas" coas clases populares, pois o nobre Rui Xordo lidera un movemento anti-señorial e o bispo é vítima dun xuízo do cal, por vía sobrenatural, sae ileso.

Sobre as marxinalidades de María Balteira e o bispo Adaúlfo, Lorenzo Varela posiciónase coas actitudes respeitosas co diferente: o xogar do segundo poema burla as normas sociais que impedían louvar á soldadeira, e o touro que debería matar ao bispo por homosexual opta por non lle facer dano, en contraste coa realidade en que non acontecen tales milagres.

A proximidade da Guerra Civil, o contexto bélico en Europa contra o fascismo e o coñecemento da existencia de guerrilleiros nas montañas galegas fixeron que, para alén do que os textos puidesen dicir, a mensaxe que deles se recibía viñese mediatizada por esta situación. Mais no exilio o libro tamén interacciona nun contexto inzado de prexuízos cara á Galiza polo republicanismo español, pois nalgúns sectores era identificada como unha terra mansa ou como unha "rexión" filofascista, debido á súa rápida caída no bando dos insurrectos.

POETIZAR UN PRESENTE AFASTADO. En 1954, Varela publica un outro

libro de versos en galego: *Lonxe*. Desta volta, son os seus poemas os acompañados polos gravados de Seoane, e non á inversa como na anterior ocasión. *Lonxe* está composto de dez poemas, con tres liñas temáticas claramente interconectadas: a resistencia contra o fascismo, a emigración (tamén vinculábel ao exilio) e a saudade da patria (através de imaxes da Galiza máis tradicional).

Os poemas máis difundidos, aínda que limitadamente, son os do último grupo, que eran tamén os máis inocuos no contexto político. Porén, os textos salientados pola crítica futura son os referidos ás vítimas da represión franquista: "Manuel Ponte", "Manuela Sánchez" e "Compañeiros da miña xeneración mortos ou asesinados". Estas son composicións poéticas novidasas, innovadoras, dentro do que se publicaba tanto no enclave porteño do sistema literario galego como, evidentemente, na Galiza. Dous destes textos refírense á loita da guerrilla nas montañas galegas: Manuel Ponte foi un coñecido líder do movemento e Manuela Sánchez foi unha muller asasinada por defender unha partida de guerrilleiros. Reparemos que, novamente, hai a intención de non escurecer o papel das mulleres na historia. Homenaxéase e recórdase a dúas figuras próximas no tempo, que non podían ser coñecidas na comunidade a que pertenceran. A literatura tenta cumprir así o papel de difundir as figuras que a censura non permitía que saísen nos medios de comunicación, a non ser dun xeito desfigurado.

MANTER A MEMORIA. A obra poética en galego de Lorenzo Varela contribúe para o mantemento da memoria, fronte a amnesia e a narcotización promovidas polo fascismo. Nos seus versos achamos a memoria dun pasado de revolucións sociais e atrevementos sexuais, mais tamén a da resistencia heroica no presente e o recordo das vítimas do franquismo. É esta unha historia que nos pertence ■

A obra poética en galego de Lorenzo Varela contribúe para o mantemento da memoria, fronte a amnesia e a narcotización promovidas polo fascismo



Portadas de dous libros sobre Lorenzo Varela.

O da esquerda escrito polo autor deste artigo e o outro por Marga Romero